

MENIS KOUMANTAREAS

# O obradoiro de vidro

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

# I

## GKAZI<sup>2</sup>

O sábado ao serán, Bempa Tantis baixaba pola rúa do Pireo cargada de facturas e recibos. Sentíase cansa e deprimida. Preferiría camiñar sen nada nas mans, coma un home. Des que herdara a pequena empresa do pai e decidira tomar esposo e socio, perdera os andares de rapaza nova, medráranlle os peitos e tiña o pelo estragado.

A empresa, un modesto obradoiro de vidro, estaba situada na planta baixa dun edificio de dous andares, na confluencia da rúa do Pireo coa Vía Sacra, onde tempo atrás estivera o mercado da verdura e onde o Concello acababa de habilitar un pequeno parque. Xusto en fronte, nun espazo amurallado dunhas tres hectáreas, atopábase a fábrica de gas. Das caldeiras e das chemineas saían columnas de fume que envolvían todo o barrio de Gkazi na neboeira, e o aramado que a arrodeaba traía ao acordo a Ocupación<sup>3</sup>. De feito, des que a entrada estaba vixiada por uns civís e mais por un soldado, a Bempa

---

<sup>2</sup>Barrio situado ao oeste do centro de Atenas, no que a mediados do século XIX había unha fábrica de gas inflamable que abastecía a cidade (de aí o nome en grego, xa que *gkazi* significa «gas»).

<sup>3</sup>Refírese á ocupación de Grecia por Alemaña entre 1941 e 1945, durante a Segunda Guerra Mundial.

dáballe a sensación de que, en calquera intre, unha vaga de violencia se ía estender pola cidade. Apuraba o paso e refuxiábase na tenda.

Como a persiana metálica estaba medio baixada, debía encrequenarse para entrar. Entón topaba de fronte co seu home, instalado nun escritorio de formica baixo unha infinidade de lámpadas de araña, co rostro inclinado sobre as facturas e os pés cruzados detrás da cadeira. Nas súas tempas, iluminadas por uns guechos prateados, latexaban unhas febles veas. A muller pousaba o bolso e sentaba ao seu lado. Falaban das últimas encargas, clasificaban os pagos por data e facían a caixa. Logo baixaban a persiana metálica e regresaban amodo á casa. Vivían uns poucos quinteiros máis abaixo e atallaban polos callelos do barrio do Rouf. Bempa detíñase para estirar as medias e Vlasis para comprar cigarros.

Ao chegaren á casa, Vlasis estomballábase na butaca, Bempa descalzábase e, baixando a cremalleira, deixaba caer a saia diante do espello. Coñecéranse nos corredores da Facultade. Vlasis corría ao negociado para validar o seu título, e Bempa, que estaba no segundo ano de carreira, ía amañar uns papeis. Quedaban nas cafetarías da rúa Sina con compañeiros de estudos dela que militaban en sindicatos, organizaban folgas e participaban en protestas. As palabras «fascista», «asasino» e «acusón» resoaban coma disparos. Tempo despois, os domingos, ela ía levarlle a Corinto<sup>4</sup> mudas limpas, doces e libros de socioloxía involucrados en xornais de dereitas. Pasaba os paquetes por diante dos gardas con aire provocativo, e eles espiábana cos ollos. Levaba vestidos moi escotados e sempre a mesma fita branca no cabelo, peiteado cara

---

<sup>4</sup>Refírese á prestación do servizo militar por parte de Vlasis na cidade de Corinto.

